

ESTREA EN NUMAX: 3 de maio | V.O.S.E. | +12

Leto (2018, 120')

Dirección: Kirill Serebrennikov

Guión: Lily Idov, Mikhail Idov, Kirill Serebrennikov

Elenco: Irina Starshenbaum, Teo Yoo, Roman Bilyk

Son: Boris Voyt

Montaxe: Yuriy Karikh

Dirección de arte: Yulia Bozhkova, Alisa Solovieva

Vestuario: Tatyana Dolmatovskaya

Música: Roman Bilyk

Fotografía: Vladislav Opelyants

Produtoras: Hype Film, KinoVista (Rusia)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Ruso, inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Sección Oficial), Donostia 2018 (Perlas), Sevilla 2018 (Sección EFA), Premios do Cinema Europeo 2018 (Mellor Deseño de Producción)

FILMOGRAFÍA

(M)uchenik, 2016
Traición, 2012
Yurev den, 2008
Izobrazhaya zhertvu, 2006
Postelnye stseny, 2005
Ragin, 2004

SINOPSE

Leningrado, un verán a principios dos 80: a escena do rock na cidade está en pleno apoxeo. Viktor Tsoi, un músico mozo que medrou escoitando a Led Zeppelin, T-Rex e David Bowie, está tentando facerse un nome. O encontro co seu ídolo Mike e a súa muller cambiará o seu destino. Xuntos han construír unha lenda que os levará á eternidade.

«Consegue canalizar as emocións da incerteza, a ilusión e a rebeldía, dunha forma como poucas veces vin no cinema»

David S. Blanco, DESISTFILM



Declaración de intencións do director

Leto («verán» en ruso), é unha historia de rock'n'roll ambientada en 1980 na cidade soviética de Leningrado. Un triángulo amoroso formado por tres individuos moi diferentes baixo o pano de fondo da estraña, ás veces exótica, Unión Soviética. Todo isto nun ambiente moi hostil co rock'n'roll e a cultura occidental, pero que rematou sendo o niño dunha nova onda de rock ruso. A nosa historia trata da fe necesaria para arreforse ao contexto social e da actitude despreocupada dos heroes fronte á opresión herdada. É, por riba de todo, a historia dun simple e inalterado amor, como unha oda a estas futuras iconas do rock, á súa forma de vida. É a historia do último verán antes da Perestroika, antes da transformación total cara á Rusia contemporánea. Isto é o que me atraeu nun primeiro momento da historia. A súa inocencia e a súa pureza. A miña xeración ten uns recordos moi fortes da enerxía da Perestroika, ese período de tempo inmediatamente despois á época do filme. En realidade non sabemos nada da xeración anterior á nosa, do seu don natural de rebelión, do seu lume interno. A Perestroika borrou completamente esa xeración, converteunos en varredores ou conserxes e non quedou nada deles. Pero neste relato estamos nos incipientes anos oitenta. Nun glorioso branco e negro, a única maneira de contar a historia desta xeración, xa que a noción da cor apareceu máis tarde na conciencia colectiva rusa. É unha época brutal e alternativa onde todo o mundo está moi vivo: Mike Naumenko e Viktor Tsoï (ao que a prensa soviética, despois da súa trágica morte en 1990, alcumou o «último heroe do rock»).

Todo o que sabemos deles ocorreu despois do contexto do filme, é o futuro dos nosos personaxes. No filme están aínda intactos, inocentes. Tomamos prestada unha máquina do tempo e só fai unha breve parada. Nese pequeno período de tempo, os nosos heroes fan o que máis lles gusta facer: crear música. Tiven que ignorar o terceiro acto na vida dos personaxes, a maneira na que todo acaba. O meu obxectivo é facer un filme sobre xente que é feliz, que está a gozar dunha total liberdade artística malia a opresión do goberno. Estaban a facer música e non podían imaxinar outra forma de crear. Calquera outra cousa sería ir en contra da súa natureza. Pódome identificar facilmente con eles, entender as súas motivacións, os obstáculos no seu camiño. Aquí, no Gogol-Center, do cal son director, estamos familiarizados cos seus métodos. Malia estes tempos tan politizados, estamos a crear un teatro que é moderno, antiestablishment, que pode ser visto como un movemento. E o máis importante: este movemento está vivo. Estamos insuflando vida a unha cultura que é inaceptable para os poderes, para as directrices culturais do noso goberno, exactamente da mesma maneira cando Leningrado en 1983 non era nin o tempo nin o lugar para a cultura rock na Unión Soviética. Farei este filme para unha xeración que ve a liberdade como unha decisión persoal, e como a única posible. O meu obxectivo é capturar e destacar o verdadeiro valor desta liberdade.

Kirill Serebrennikov escribiu esta declaración en 2017, antes de rodar o filme. As estipulacións do seu arresto domiciliario non lle permitiron facer máis declaracións.

Back in the USSR

Por Quim Casas

Leto conta a ebulición daquel rock'n'roll de resistencia, un «soviet roll» esquecido ou silenciado polas historiografías rockeiras que o propio sistema estalinista tentou reprimir, como a vida, entre a invención e a realidade, de Tsoi e a súa relación con outro músico e a súa muller. Serébrennikov sabe pasar moi ben do íntimo desa relación ao colectivo das gravacións, ás actuacións e, sobre todo, ao descubrimento de músicas alleas e inspiradoras. Rompendo o naturalismo escénico que outorga a recreación da época nunha sobresaliente fotografía en branco e negro, o director insere unha serie de fugas moi curiosas e reveladoras, todas filmadas en cor e distinto formato.

Nunha, os protagonistas fotografáanse a si mesmos reproducindo as poses e movementos das portadas dos discos que aman. O aprecio polo obxecto musical estaba moi presente en *Control* [Anton Corbijn, 2009] e *Después de mayo* [Olivier Assayas, 2013] comprar un disco, sacalo da funda, poñelo no xiradiscos e sentar para escoitalo, no caso do filme de Corbijn sobre Ian Curtis, ou as portadas que ven no cuarto do protagonista do filme de Assayas. En *Leto* ten o mesmo efecto.

Noutras secuencias, Serébrennikov fabula e desconecta da realidade. Son escenas, case videoclips, en branco e negro «manchado» de notas de cor, escintileos luminosos e onomatopeas nas que a xente da cidade canta *Psycho Killer* no metro e *The Passenger* nun tranvía. É esencialmente cinema musical, superior ao efecto de choque logrado por Baz Luhrmann.

Fragmento da crítica publicada en sensacine.com
Traducións: Olalla Cociña

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

